
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/37-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE MALPICA, CORME, LAXE, CAMELLE, CAMARIÑAS E MUXÍA	
Plan explotación⁽¹⁾	OURIZO	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	Zona VI (de cabo Touriñán a punta Langosteira)
Subzonas de explotación	Ver consideracións

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes con dereito a cota
-	18	50
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	0	0

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		30 (ver consideracións)										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾ :Mergullo con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X									

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante con dereito a cota enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	300 kg	100

Artes a empregar	Mergullo con subministro de aire dende superficie
-------------------------	---

Puntos de control	Lonxas de Muxía, Camariñas, Camelle, Laxe, Corme e Malpica
Puntos de venda	Lonxas de Muxía, Camariñas, Camelle, Laxe, Corme e Malpica

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Traslados															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Rareos															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Limpezas e arados															
Zonas:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Outros															

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito: A amplitude do ámbito deste plan, e a necesidade de mellorar a xestión da explotación deste recurso e facilitar o seu seguimento, fai necesaria unha división por sectores máis alá da división en zonas de produción proposta no plan:

- Sector 1.- de Touriñán á Buitra
- Sector 2.- da Buitra á Barca
- Sector 3.- Ría de Camariñas (de Peneirón-Xaviña á praia de Lago)
- Sector 4.- Vilano (de Corno a Pta. Pedrosa)
- Sector 5.- de Gallada-Baleas a Ríos
- Sector 6.- de Ríos a Camelle
- Sector 7.- de Atáin a Cabo de Laxe
- Sector 8.- Ría de Corme-Laxe (de Cabo Laxe a Roncudo)
- Sector 9.- Roncudo (de baixo Chan a Pichóns)
- Sector 10.- de Pichóns ao Cabalo
- Sector 11.- do Cabalo a Malpica
- Sector 12.- Illas Sisargas
- Sector 13.- de Malpica a Razo
- Sector 14.- de Razo a Caión
- Sector 15.- de Caión a Langosteira

Participantes: As embarcacións con ourizo (Z6) no seu permiso de explotación, autorizadas para traballar neste plan son 18, todas elas relacionadas no listado enviado con data 23 de novembro de 2010:

- 8 asociadas á confraría de Corme, con 24 cotas
- 4 asociadas á confraría de Camariñas, con 10 cotas
- 3 asociadas á confraría de Laxe, con 8 cotas
- 1 asociada á confraría de Camelle, con 3 cotas
- 1 asociada á confraría de Malpica, con 3 cotas
- 1 asociada á confraría de Muxía, con 2 cotas

Ampliación: Non se aproba a proposta de ampliación incluída no plan. Da reunión mantida o 18 de outubro de 2010 para a elaboración deste plan, non xurdiu proposta de ampliación algunha, e non consta que esta proposta conte co acordo de todos os participantes no plan. Ademais, o estado deste recurso e a evolución da extracción nos últimos anos, desaconsella incrementar o número de embarcacións neste plan de explotación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Días máximos de extracción: Os días máximos de extracción neste plan establécense por embarcación, quedando fixados en 30 días máximos por embarcación, sen que se poda exceder dun total de 300 (resultado do sumatorio dos días traballados por tódalas embarcacións incluídas no plan).

Topes máximos de captura: O tope queda establecido por tripulante con dereito a cota enrolado e a bordo e día. Así, o tope máximo de captura é de 100 kg/ tripulante con dereito a cota/día cun máximo de 300 kg/embarcación/día.

Puntos de control: O punto de control e descarga será o mesmo. Establécense os puntos de control nas lonxas das confrarías participantes no plan, nas que se levará a cabo o control de tallas e cupos. Non designan ás persoas responsables destes controis.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, cada embarcación deberá remitir, **semanalmente, os datos de captura diarios** segundo o seguinte estadillo que lle será facilitado polos técnicos do Departamento Territorial de A Coruña: día de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos, zona de traballo, profundidade media, tempo de mergullo e observacións.

Establécese a obrigatoriedade de todos os membros do plan de cubrir e remitir dito estadillo. As embarcacións que non saíran a faenar deberán comunicar esta circunstancia ao Departamento Territorial de A Coruña coa mesma periodicidade. O incumprimento desta obriga implicará a non inclusión na relación adxunta á resolución de apertura do mes seguinte.

Comercialización: O prezo mínimo de venda será de 2'50 €/kg.

Xestión da explotación: A confraría de Laxe será a encargada de xestionar este plan de explotación ao longo do ano 2011. A mesa de seguimento do plan, constituída por un representante de cada confraría participante, as asistencias técnicas destas confrarías e persoal técnico do Departamento Territorial de A Coruña, reunirse cada dous meses co obxecto de avaliar conxuntamente o resultado do modelo de explotación.

Mellora da produción: Contempla a posibilidade de realizar traslados de ourizo a fin de repoboar as zonas que o precisen. Aínda que esta acción se considera axeitada para a mellora da produción, deberán elaborar as normas que rexerán estes traballos e a súa organización, designar as persoas responsables da organización e control e aportar esta documentación co fin de que sexa avaliada polos técnicos desta Consellería.

Réxime sancionador: Segundo consta na acta da reunión do 18 de outubro de 2010 da mesa de seguimento para a elaboración deste plan de explotación, dita mesa de seguimento propoñerá as normas sancionadoras do plan e as instrucións a seguir. Para a imposición de sancións débese seguir o procedemento establecido nos estatutos das confrarías.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que **o plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade á entrada en vigor deste plan, a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación do plan polo órgano de goberno da confraría de Muxía e delegación á confraría de Laxe da representatividade do plan na súa relación coa administración.
- Designar as persoas responsables dos puntos de control.